

Edición xeral

A SEGUNDA EDICIÓN COMEZA ESTE VENRES EN PADRÓN

Fernán Vello e Laura Ponte abrirán os Diálogos na Casa de Rosalía

A cita inaugural é venres 17 de febreiro, ás 19:30 horas, na Casa Museo da Autora en Padrón. *Diálogos na Casa de Rosalía* chegan á súa segunda edición e dan os primeiros pasos da nova quenda da man do escritor Miguel Anxo Fernán Vello e da actriz Laura Ponte e baixo o título *Rosalía a escena*.

- 11:03 15/02/2006

A [Fundación Rosalía de Castro](#) é a encargada de organizar os encontros, que se van estender durante sete meses e que van reunir a 25 escritores e especialistas arredor da figura da autora dos *Cantares Gallegos*.

A segunda edición das tertulias estudan a relación de Rosalía co seu tempo, a influencia da súa obra historia da literatura galega, a súa relación co mundo da escena, etc. Sobre este último tema van falar Fernán Vello e Laura Ponte, pero van ser outros moitos os relatores desta segunda edición dos *Diálogos*: María Xosé Queizán, Pilar García Negro, Xesús Alonso Montero, Dolores Vilavedra, María Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, etc.

Entre os meses de marzo e xullo a temática destas xornadas vaise centrar en cuestións como o ensaísmo galego, a cultura nos medios de comunicación, as relacións entre cine e literatura, a literatura en internet, etc. Para iso vaise contar coas experiencias de Ramón Villares, Xosé Luís Barreiro, Suso de Toro, Santiago Jaureguizar, Arturo Casa, Camilo Franco, etc.